

EIXE 2 | A Recuperación como meta

DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

Entidade executante

Asociación ALIAD ULTREIA

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos concellos de Lugo, Burela, Monforte, Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Ourense

Persoas destinatarias

Vítimas de violencia de xénero: en concreto ás vítimas de trata e explotación sexual (un dos xeitos de violencia de xénero segundo recolle a lei galega 11/2007)

Outros: profesionais do ámbito da saúde e de entidades sociais vencelladas ao traballo con vítimas de violencia de xénero, incluídas vítimas de trata sexual.

Obxectivos

Xeral: Mellorar a detección e intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual con problemáticas de saúde mental e adicións

Específicos

1. Mellorar a derivación/coordinación entre os axentes que intervimos con vítimas de trata e explotación sexual.
2. Mellorar a identificación de indicio de vítimas de trata e/ou explotación sexual por parte dos servizos de saúde mental e entidades que traballan con vítimas de violencia de xénero.
3. Mellorar a identificación de indicios de problemáticas de saúde mental e adicións por parte de entidades especializadas e entidades que traballan con vítimas de violencia de xénero.
4. Diseñar un programa de intervención integral orientada o restablecemento das vítimas de trata e/ou explotación sexual.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

Desenvólvense as seguintes actividades:

- Xeración dun espazo web de consulta onde compartir bibliografía, material de interese, cursos formativos:
- Formación presencial en torno a detección de indicios de vítimas de trata e/ou explotación sexual
- Creación de materiais formativos on line para conseguir un maior impacto
- Formación presencial en torno a identificación de indicios de problemáticas de saúde mental e adiccións
- Creación de materiais formativos on line para conseguir un maior impacto
- Deseño dunha proposta de centro de cara a xerar un proxecto integral de restablecemento de vítimas de trata.
- Elaboración dun proxecto centrado na reparación do dano á vítima que comprenda actividades/terapias individuais e grupais.
- Compartir a proposta con outros axentes implicados co fin de dialogar e mellorar a mesma. Socialización do proxecto xerado para poder establecer coordinacións e configurar un proxecto inmerso no tecido comunitario